Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Aprobación provisional da modificación da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana

ANUNCIO

O Pleno do Concello en sesión de data 6 de novembro de 2026 aprobou provisionalmente a modificación da seguinte ordenanza fiscal:

-. Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

De conformidade co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor.

Brión, 6 de novembro de 2026.

O alcalde.

Pablo Lago Sanmartín.

2026/7308

Número de anuncio 2026/7308